



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Iniciación á investigación educativa		Código	652611E52
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Pérez Crego, María Cristina	Correo electrónico	cristina.pcrego@udc.es	
Profesorado	Pérez Crego, María Cristina	Correo electrónico	cristina.pcrego@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Neste curso pretendemos que o estudante do máster se familiarice cos diferentes tipos de investigacións no ámbito educativo; que coñeza, comprenda e valore as características da metodoloxía científica e, ademais, comprenda os procedementos para a realización de investigacións en educación.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: sesión maxistral, traballos tutelados, proba obxectiva. *Metodoloxías docentes que se modifican: presentación oral - realizarase una presentación non presencial, facendo uso dos medios tecnolóxicos a disposición do alumnado. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: - TEAMS: atenderase a través desta plataforma (reunións virtuais, chat) só no horario de clase e tutorías.. - Outlook: atenderanse correos electrónicos do alumnado para dúbidas e cuestións relacionadas cos contidos da materia 4. Modificacións na avaliación; non se realizarán cambios. *Observacións de avaliación: anúlase a obrigatoriedade da asistencia no caso de confinamento. Non obstante, o alumnado deberá realizar e entregar o traballo tutelado na data prevista ao inicio das clases. Considérase "alumnado no asistente" aquel que non comprese co requisito de asistencia antes de iniciarse o confinamento, así como aquel que non entregue nas datas previstas as actividades. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: non se realizarán cambios.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñece e comprende a estrutura básica do proceso de investigación e dos seus elementos clave, entendendo a súa importancia no proceso de ensino-aprendizaxe.	AP19 AP24		CM6 CM8
Comprende e identifica as diferentes fases e actividades que require a actividade investigadora, así como as diversas metodoloxías e técnicas básicas necesarias para o desenvolvemento do proceso investigador	AP19 AP24 AP28		CM6 CM8
Deseña e planifica propostas e deseños metodolóxicos acordes coa temática concreta que queiran investigar a partir dunha reflexión previa sobre a súa adecuación e viabilidade	AP28 AP35		CM3 CM8
Comprende e valora a importancia da investigación na sociedade actual e o emprego de diversidade de metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación.	AP24 AP28		CM3 CM4 CM6 CM8
Demostra e promove unha actitude aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común	AP35		CM1 CM4 CM5 CM6 CM8



Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A investigación avaliativa: O problema de investigación	1.1. Plantexamiento do problema 1.2. As hipóteses de traballo e os obxectivos
Tema 2. Metodoloxías e técnicas da investigación educativa	2.1. A metodoloxía cuantitativa 2.2. A metodoloxía cualitativa 2.3. Técnicas de recollida de información
Tema 3. Deseños de proxectos de investigación educativa	3.1. Elaboración dun proxecto de investigación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A19 A24 C6 C7 C8	5	0	5
Proba obxectiva	A19 A24 C1 C8	1	10	11
Traballos tutelados	A28 A35 C3 C4 C8	6	18	24
Presentación oral	A28 C1 C5 C8	2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral por parte da docente na que se traballarán os contidos que conforman o marco teórico, complementada co uso de presentacións e medios audiovisuais, así como da introducción de cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividades de aula, coa fin de que a aprendizaxe teña un carácter máis dinámico e permita a participación do alumnado. A estrutura das sesións maxistrais rexirase pola orde establecida nos contidos de aprendizaxe, introducindo teóricamente cada un dos temas e subtemas; ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para aprofundar no tema; e o traballo teórico complementarase en cada sesión coas actividades que se levarán a cabo correspondentes ás fases do proceso de investigación.
Proba obxectiva	Proba de avaliación de coñecemento con preguntas de tipo obxectivo (selección múltiple, de resposta múltiple, discriminación, completar e/ou asociación).
Traballos tutelados	Elaborase un proxecto de investigación sobre unha temática suxerida polos/as estudantes e que estea no marco da titulación que están a cursar. Cada una das partes do traballo a realizar será abordada teóricamente nas sesións expositivas previamente a fin de que o traballo sirva para reforzar os contidos teóricos, e os contidos teóricos sexan un apoio para a elaboración do traballo práctico por parte do/da estudante. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Presentación oral	Exposición verbal a través da que o alumnado (en grupos de 4-6 persoas) e el docente interactúan dun modo ordenado onde, nun primeiro momento, o grupo expón dun xeito orixinal e innovador a súa proposta de investigación e, en segundo lugar, a docente poderá propoñer cuestións, solicitar aclaracións de aspectos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Para desenvolver a proposta de proxecto de investigación que se plantexa como actividade central na asignatura, os estudantes contarán co apoio do docente. Para isto, se realizarán titorías tanto presenciais como virtuais e poderán plantexarse as dúbidas de forma individual ou grupal. Pero ademáis, durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o desenvolvemento do proxecto. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.
---------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A28 A35 C3 C4 C8	Ao longo das sesións iránse desenvolvendo de forma teórica e práctica os diferentes apartados dun proxecto investigador centrado nunha temática relacionada cos contidos do módulo. O alumnado deberá desenvolver eses contidos de forma escrita, xustificando cada decisión tomada. Realizarase de forma grupal e será entregado na data indicada pola docente o primeiro día de clase.	50
Proba obxectiva	A19 A24 C1 C8	Proba escrita na que se valorará a adquisición dos coñecementos teórico e prácticos da asignatura por medio dunha proba que incorporará todos os contidos abordados na materia. Os tipos de preguntas poderán ser de verdadeiro/falso (V/F), resposta múltiple e/ou resposta curta.	30
Presentación oral	A28 C1 C5 C8	O proxecto investigador proposto será presentado de forma oral, e valorarase seguindo criterios relacionados coa calidade e a claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos esixidos e o emprego de recursos innovadores.	20

Observacións avaliación



Primería oportunidade:

A asistencia a clase é obrigatoria (80%). Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas circunstancias particulares non cumpla co requisito de asistencia, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

(a) Alumnado asistente: o que cumpra co requisito de asistencia dun 80% (sesións teóricas e prácticas). Será avaliado seguindo os criterios propostos para a "Avaliación" da materia, sendo necesario que realice o traballo tutelado (50%), a presentación oral (20%) e a proba mixta (30%). Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

(b) Alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime de adicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 e 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa e a entregue ao docente. O alumnado que se adhira a esta modalidade terá que presentar a proposta de proxecto investigador que será valorada cun 50% da calificación final da materia (o prazo máximo de entrega será o mesmo que para os seus compañeiros/as asistentes) e terá que realizar o exame da proba obxectiva, cuxa calificación será o 50% da nota final. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

(c) Alumnado non asistente: aquel que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%. Será avaliado únicamente a través dunha proba mixta, se bien esta proba conterá dúas partes, unha delas (50%) referida a preguntas sobre os contidos prácticos da materia e a outra (50%) na que se avalíen os contidos teóricos. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

Os traballos serán entregados fundamentalmente en formato dixital, e nos casos que a entrega sexa en papel este deberá ser reciclado, evitándose o uso de plásticos. Ademais se esixirá a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatorio.

No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

Segunda oportunidade:



O alumando fará unha única proba na data do exame oficial. Para superar a materia necesitará obter polo menos 5 puntos sobre os 10 posibles.



Fontes de información

Bibliografía básica	- Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Sevilla: Punto Rojo Libros, S.L. - McMillan, J.H. y Schumacher, S. (2010). Investigación educativa (5ª ed.). Madrid: Pearson - Bisquerra Alzina, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla - Carvajal Sánchez, J. (Coord.) (2012). Iniciación a la investigación. Colombia: INICIEN - Fernández C., Hernández, R. y Baptista P. (2006). Metodología en la investigación. México: McGraw Hill - Arana, F. (2014). Método experimental para principiantes. Madrid: Fondo de Cultura Económica
Bibliografía complementaria	- Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners. Nueva Delhi: APH Publishing Corporation - Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. Nueva Delhi: New Age International Publisher - Bryman, A. (2016). Social research methods. Nueva York: Oxford University Press.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías